RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO, POLA QUE SE FORMULA O INFORME DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DE MELLORA DA ESTRADA LU-651 - TREITO: FOLGOSO (PQ. 21+600) - SEOANE (PQ. 35+670), NO CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL (LUGO), PROMOVIDO POR AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (CLAVE 2019/0043).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en base as súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), modificada pola Lei 9/2018, establece, no artigo 7.2.a), que os proxectos comprendidos no anexo II, serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental simplificada na forma prevista na sección 2ª do capítulo II (título II) da dita lei.

O proxecto obxecto deste informe está incluído no artigo 7.2b. da referida lei (os proxectos non incluídos nin no anexo I nin o anexo II que poidan afectar de forma apreciable, directa ou indirectamente, a Espazos Protexidos Rede Natura 2000.), polo que de acordo co seu artigo 47 procede determinar se debe ou non someterse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

1 . Obxecto do proxecto e descrición, localización, promotor e órgano substantivo

1.1 . Obxecto do proxecto e descrición.

O obxecto do proxecto e a mellora da estrada LU-561. Tramo: Folgoso (P. K 21+600)- Seoane (P. K 35+670).

Trátase dunha estrada de montaña cun trazado de curvas con pendente lonxitudinal elevada, e de 5,40 metros de ancho de calzada, sen beiravías nin bermas e que discorre en toda a súa lonxitude a media ladeira, con noiros de desmonte practicamente verticais en gran parte da lonxitude.

1.2 . Localización

A estrada LU-651 de Folgoso a Seoane localízase na Serra de O Courel, discorre polo LIC Ancares – Courel, no Concello de Folgoso do Courel, pertencente á comarca de Quiroga na provincia de Lugo.

1.3 . Promotor e órgano substantivo

O promotor e o órgano substantivo do proxecto é a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI).

2 . Resumo da tramitación

O 22.03.2019 recíbese nesta consellería unha solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental simplificada acompañada do documento ambiental do proxecto, remitido polo órgano substantivo (Axencia Galega de Infraestruturas) para que esta dirección xeral inicie a avaliación de impacto ambiental ao abeiro da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, modificada pola Lei 9/2018, do 5 de decembro.

O 09.04.2019 notificouse ao órgano substantivo o inicio do período de consultas previas, previsto no artigo 46 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

CVE: N1B2muSdx9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O 03.07.2019 reiteráronse as solicitudes de informe ás direccións xerais de Patrimonio Cultural e de Patrimonio Natural, así como a Confederación Hidrográfica Miño-Sil e ao concello de Folgoso do Courel.

Neste contexto, a relación de organismos consultados, indicando cun X aqueles dos que se recibiu resposta, é a seguinte:

Relación de consultados	Respostas recibidas
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	X
Dirección Xeral de Patrimonio Natural	X
Dirección Xeral de Emerxencia e Interior	X
Instituto de Estudos do Territorio	X
Confederación Hidrográfica do Miño - Sil	X
Concello de Folgoso do Courel	X
Federación Ecoloxista Galega	-
Sociedade Galega de Historia Natural	X

Así mesmo, o documento ambiental estivo dispoñible para outros organismos, organizacións e público en xeral na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Como resultado do anterior, non se recibiron achegas de ningún tipo.

Co fin de que o promotor puidese dar resposta ao informe emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a Sociedade Galega de Historia Natural e a Asociación de Desenvolvemento Rural Serra do Caurel na fase de consultas, o 13.11.2019 déuselle traslado de dito informe a través do órgano substantivo, recibíndose a contestación o 21.02.2020.

O 09.03.2020 solicitouse informe complementario á Dirección Xeral de Patrimonio Natural e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil sobre a antedita documentación, recibíndose informe o 18.06.2020 e o 17.12.2020 respectivamente.

De novo co fin de que o promotor puidese dar resposta ao novo informe emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural, na fase de consultas, o 29.06.2020 déuselle traslado de dito informe a través do órgano substantivo, recibíndose a contestación o 25.01.2021.

O 22.04.2021 solicitouse, de novo, informe complementario á Dirección Xeral de Patrimonio Natural sobre a antedita documentación, recibíndose o informe definitivo o 07.05.2021.

Os aspectos máis relevantes das respostas recibidas resúmense a continuación:

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural fai un resumo dos antecedentes e feitos, e recolle as consideracións legais e técnicas nas que se enmarca o proxecto e indica que a valoración recollida na memoria de prospección arqueolóxica do impacto sobre o patrimonio arqueolóxico e as medidas correctoras propostas non son axeitadas para os seguintes elementos: GA27017013 Castro de Foz, GA27017017 Castro de Mogoxe, GA27017019 Mina de Cortas de Ferrería Vella e GA27017032 Castro de Santo Estevo polo que deberán seguirse as condicións indicadas no epígrafe *4.5 Protección do patrimonio cultural*.

CVE: N1B2muSdx9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A Dirección Xeral de Patrimonio Natural emite informe definitivo, no que tras facer un resumo dos antecedentes respecto aos informes previos e os contidos do documento ambiental coas modificacións indicadas por esa Dirección Xeral, conclúe o seguinte:

- Considerase que a presente documentación dá resposta a todas as consideracións recollidas no anterior informe desta dirección xeral de data 19.05.2020.

- Conclúese que non se produce prexuízo a integridade da Zona Especial de Conservación (ZEC) "Ancares-Courel", a raíz dos cálculos realizados, para comprobar se a afección do proxecto sobre o hábitat 4030 interfire coa conservación do lugar, seguindo a metodoloxía da *"Guía metodológica de evaluación de impacto ambiental en Red Natura 2000, versión enero 2019".*

- As afeccións residuais deberán ser obxecto de medidas que contrarresten os seus efectos sobre a biodiversidade da maneira máis completa posible.

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior emitiu informe previo a modificación das medidas protectoras e correctoras por parte do promotor no documento ambiental, se ben informa do seguinte:

- Considerase que o proxecto pode causar impactos ambientais significativos tendo en conta as medidas protectoras e correctoras que o promotor prevé adoptar no documento ambiental presentado.

- No caso de que na súa contestación prevexa a existencia de impacto ambientais significativos que non vaian a ser eliminados coas medidas propostas polo promotor, solicítaselle que nos informen en relación á posibilidade de formularlle ao promotor a modificación do proxecto coas medidas adicionais que permitan evitar ditos impactos.

- Se o anterior non fose posible, solicítaselle a súa consideración sobre o alcance e contidos específicos que debería incluír o estudio de impacto ambiental que se realice, sinalando o tipo e grado de detalle da información ambiental necesaria, así como calquera outra observación sobre outras posibles alternativas de actuacións, informacións ou normas que deban ser contempladas polo promotor para a súa elaboración.

O Instituto de Estudos do Territorio considera que o proxecto pode producir efectos sobre a paisaxe considerables xa que afectan a un ámbito de especial relevancia e valor paisaxístico pero que non serán significativos se, ademais das medidas xa previstas no documento, se adoptan as que se indican no epígrafe *4.6 Integración paisaxística e restauración.*

A Confederación Hidrográfica Miño-Sil considera que as respostas dadas polo promotor e órgano substantivo, en base ao primeiro informe emitido por esa entidade son adecuadas, se ben se teñen que ter en conta as indicacións sinaladas nos dous informes en canto as medidas preventivas e correctoras.

O Concello de Folgoso do Courel non pon obxección as obras de mellora da estrada.

A Sociedade Galega de Historia Natural expón unha serie consideracións ás que se deu resposta no documento *Informe de resposta a alegacións e informes no marco do procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental simplificada do proxecto de mellora da estrada LU:651: Folgoso do Courel – Seoane do Courel (Clave LU/17/128.01)* na data 17.02.2020.

CVE: N1B2muSdx9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

3 . Análise segundo os criterios do anexo III

Unha vez analizada a documentación que obra no expediente, e co obxecto de determinar se o proxecto debe someterse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria, realízase a seguinte análise segundo os criterios do anexo III da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, modificada pola Lei 9/2018, do 5 de decembro.

3.1 . Características do proxecto

A mellora da estrada realizarase mediante unha serie de modificacións respecto a configuración actual tal como a ampliación da plataforma da estrada, permitindo dous carrís de circulación de 3 m de anchura en ambos sentidos e a implantación de cunetas de seguridade transitables de 0,90 m de anchura.

En canto as obras de drenaxe óptase pola conservación, adecuando e alargando as existentes. Asi mesmo, proxéctanse 4 novas ODTL (cuneta de calzada ou cuneta de garda) e 4 novas ODT (obra de drenaxe transversal) e substitúense 2 ODTL e 6 ODT.

O proxecto tamén contempla a ampliación das estruturas existentes na estrada, mediante laxas voadas xa que o trazado no que se proxecta a mellora da estrada, conta con 11 pontóns ou obras de paso, que serán salvados e ampliados mediante laxa con voadizos ata acadar sección.

Aplicaranse muros de contención e sostemento optándose, na medida do posible pola natureza da zona de actuación, por muros de dique. No caso de imposibilidade aplicaranse muros de formigón armado executados “in-situ”

Defínese un aparcamento de autobuses previo a travesía de Seoane do Courel de 60 m de lonxitude e 20 m de fondo.

Renovaranse os firmes ao longo de todo o tramo e alternarase, ao longo da mellora da estrada, entre desmonte e terraplén para evitar desmontes excesivos e muros demasiado altos, substituíndo en zonas puntuais terraplén por voadizos, e tratando determinados desmontes mediante bulóns.

O consumo de terras durante a execución das obras prodúcese fundamentalmente no movemento de terras (desmontes e terrapléns) necesario para a explanación. A alternativa elixida e excedentaria en terras que serán enviadas a xestor.

3.2 . Localización do proxecto e sensibilidade medioambiental da área

O presente proxecto pretende mellorar a estrada LU-651 dende o Folgoso a Seoane que se localiza na Serra do Courel, no municipio de Folgoso do Courel, na provincia de Lugo.

O tramo obxecto de mellora ten unha lonxitude de 13,96 km e parte do PK 21+600 situado na saída do núcleo do Folgoso do Courel ata o PK 35+560 situado á saída do núcleo de Seoane do Courel.

As instalacións onde se prevén executar as obras localízase nun espazo protexido Natura 2000, Zona Especial de Conservación (ZEC) “Ancares-Courel” (ES1120001). Respecto á zonificación do Plan Director Red Natura 2000, o trazado do proxecto localízase na zona 2 (Área de conservación) dende o núcleo de Folgoso do Courel ata Ferrería Vella, e zona 3 (Área de Uso Xeral) dende o punto anterior ata Seoane.

CVE: N1B2muSdx9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Todo o trazado descorre dentro da grande área paisaxística das Serras Orientais, na comarca paisaxística de O Courel, área de especial interese paisaxístico (AEIP) O Courel, identificada no Catálogo das Paisaxes de Galicia.

O trazado do presente proxecto cruza os seguintes cursos fluviais así como outros de menor entidade (innominados), mediante pontes ou obras de drenaxe transversal (ODT): rego da Albardaira, rego da Veiga, río Lor, rego de Bustelo, rego de Pena Ferreira, rego da Fonte, rego de Liñares e río Pequeno.

Atendendo o Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España (2005), e o Plan director rede Natura 2000 de Galicia observase que o trazado discorre atravesando diversas teselas que conteñen hábitats naturais e hábitats prioritarios.

Detectáronse pequenas masas de especies invasoras tales como a *Acacia dealbata, Conyza bonariensis, Buddleja dabidii e Robinia pseudoacacia.*

Parte do proxecto está incluído dentro do ámbito de aplicación do Plan de recuperación do galápago europeo (Emys orbicularis L.) en Galicia. A actuación proxectada sitúase na área de distribución potencial desta especie.

3.3 . Características do potencial impacto

No relativo á protección do patrimonio natural, obsérvase que só tres hábitat (4030, 7220* e 9260) superan os valores limiares de perda absoluta de superficie (m2) da opción A (*Guia metodológica de evaluación de impacto ambiental en Red Natura 2000*), pero que ningún deles superan a perda de superficie relativa da opción B estimada no 1%, polo que se entende que os efectos apreciables derivados da execución do proxecto, aínda que significativos, non supoñen unha afección sobre a integridade do espazo da Rede Natura 2000 afectado.

No referido ao patrimonio cultural, e con respecto ao Castro de Foz (GA27017013), a distancia das obras á área de cautela é de 0 metros polo que o impacto debe considerarse moderado, sobre o Castro de Mogoxe (GA27017017) a distancia das obras á área de protección integral é de 0 m polo que o impacto debe considerarse severo. Sobre o elemento Mina de Cortas de Ferrería Vella (GA27017019) na memoria da prospección considerase que as obras invaden levemente á área de protección integral do xacemento, polo que o impacto debe considerarse severo. A distancia das obras ao elemento Castro de Santo Estevo (GA27017032) é de 0 m a área de cautela do mesmo polo que o impacto debe considerarse moderado.

Respecto á afección aos cursos de auga, non se expoñen no presente proxecto de construción viadutos de ningún tipo e os pontóns existentes obxecto de ampliación, amplíanse mediante laxa voada sobre a estrutura existente polo que non se realizan novas afeccións sobre o canle. A cimentación realízase mediante cimentación profunda nos marxes da vaguada polo que non se prevén afeccións sobre o leito do canle. Asi mesmo, tampouco serán necesarias estruturas de paso xa que o tratarse da reforma dunha estrada existente, esta xa conta cono todos os pasos.

En canto as augas de escorrenta, exponse a rede de drenaxe existente como rede de drenaxe de augas interiores.

No tocante á paisaxe, a restauración da estrada, incidiría de forma importante na imaxe actual da estrada, tanto para os observadores externos (pois podería xerar novos noiros cun menor grado de naturalización, e polo tanto máis visibles), como tamén para os observadores que percorren a estrada, pois perdería o estado de naturalización e integración que ofrece na actualidade.

Dende o punto de vista de emisións á atmosfera, os principais impactos virán polo uso da maquinaria de obra e vehículos así como das labores de movemento de terras tales como voaduras, escavacións, recheos, demolicións, etc.

CVE: N1B2muSdx9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

No referido aos residuos, os principais impactos residen na posibilidade de vertidos de aceites da maquinaria de obra sobre o terreo e/ou leitos fluviais, asi como na incorrecta separación e tratamento dos diferentes residuos xerados na obra e dun inadecuado tratamento das augas sanitarias e residuais que se van xerar na obra como poden ser as augas procedentes das instalacións auxiliares ou as augas de escorrenta que poden carrexar partículas.

4 . Condicións ambientais

No desenvolvemento do proxecto aplicaranse as medidas protectoras, correctoras e de vixilancia ambiental propostas na documentación presentada polo promotor na tramitación ambiental, tendo en conta así mesmo as seguintes condicións que complementan, matizan ou subliñan as anteriores:

4.1 . Protección da atmosfera

1.- Co fin de minimizar a emisión de po durante a fase de obras, nos períodos de seca procederase á rega dos vieiros e das superficies onde se estean a realizar escavacións ou movementos de terras. Ao comezo das obras deberán terse dispostos na zona os medios necesarios para tal fin.

2.- Os camións que transporten terras ou outros materiais que poidan xerar po, deberán ir cubertos con lonas ou dispositivo similar. Así mesmo procederase, no caso de ser necesario, ao lavado das rodas dos camións á saída da zona de obras.

3.- Os niveis de presión sonora e vibracións debidos á construción e explotación da estrada deberán cumprir coa normativa vixente, tendo en conta que no caso de que se superen os límites legalmente establecidos teranse que adoptar as medidas protectoras ou correctoras oportunas.

4.2 . Protección das augas e dos leitos fluviais

1.- De xeito xeral, evitarase a afección incompatible co mantemento das condicións e usos do medio receptor, polo que se deberán cumprir os obxectivos medioambientais e normas de calidade ambiental en materia de calidade das augas establecidas na correspondente normativa de aplicación, así como, se fora o caso, aqueles que se deriven das normas de aplicación como consecuencia de determinadas figuras de protección na zona de vertedura.

2.- Adoptaranse as medidas necesarias para evitar que as augas de escorrenta de choiva que discorran polo ámbito causen dano á calidade das augas do medio receptor, contaminen ou degraden o DPH. Con este fin, garantirase a suficiencia e efectividade das gabias proxectadas para recoller as augas de escorrenta procedentes da área de execución dos traballos, e para desviar fóra do recinto as augas non contaminadas evitando que entren en contacto coas zonas de obra.

3.- Extremaranse as precaucións sobre vertidos accidentais de materiais de construción, aceites, combustibles, ou outros sólidos en suspensión ao terreo ou aos cursos de auga, polo que se planificarán medidas para prever estas situación. En caso de accidente, retiraranse os materias vertidos o máis rapidamente posible, co fin de evitar a contaminación do solo e das augas.

4.- A planificación da obra preverá o desenvolvemento das labores de estabilización de noiros para evitar que os procesos erosivos provoquen desprendementos. Deberase facilitar a dispersión de esporas de vexetación autóctona da zona e que se atope nos noiros antes do inicio das obras, para acelerar o proceso de revexetación dos mesmos e evitar fenómenos de oxidación-redución da rocha.

CVE: N1B2muSdx9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

5.- Na cartografía facilitada non se reflicte un leito innominado cruzado pola estrada que si se reflicte nos mapas achegados no informe previo de CHMS A/27/30537. A redacción do proxecto e as medidas preventivas e correctoras deberán ter en conta o leito sinalado, así como todas as zonas protexidas.

4.3 . Xestión de residuos

1.- O proxecto construtivo conterá un estudo de xestión de residuos definido e detallado, asegurando o seu tratamento conforme a súa natureza e a normativa vixente.

2.- As zonas de almacenamento de residuos sólidos onde se acumularán temporalmente os residuos á espera da súa retirada por unha empresa xestora, serán cubertas e disporán de soleira impermeable, evitando a entrada de augas de choiva e saída de lixiviados.

3.- Ao finalizar as obras, e antes do inicio da fase de explotación, deberase ter retirado e xestionado a totalidade dos residuos de obra.

4.4 . Protección da fauna e da vexetación e outros valores naturais

1.- Tendo en conta que a propia documentación *"Mejora de la carretera LU-651. Tramo: Folgoso (P.K. 21+600) Seoane (P.K. 35+670)"* recolle medidas tendentes a recuperar e revexetar as zonas degradas, derivadas do proxecto, coas especies do lugar e incluso a implantación de vexetación nos taludes da estrada, resulta imprescindible que se cumpra estritamente todas estas medidas coa finalidade de compensar a superficie dos hábitats afectados. Queda totalmente prohibido usar sementes ou plantas de especies exóticas e/ou invasoras.

2.- Coa finalidade de darlle un tratamento especial ao hábitat 4030, todos os taludes propicios para a súa implantación serán revexetados con sementes das súas especies típicas e locais.
3.- Levarase a cabo un exhaustivo seguimento ambiental para certificar que todas as recuperacións dos solos degradados e as revexetacións dos hábitats afectados, se realizan con éxito, seguindo estritamente o estipulado para tal efecto no apartado "11. PROGRAMA DE VIGILANCIA AMBIENTAL" da documentación.

4.- Tal e como se menciona na documentación presentada, establecerase a recollida, almacenamento, conservación e/ou xestión da terra vexetal afectada polas obras. Dada a importancia do solo vexetal, por conter as características e sementes da zona, este será empregado na recuperación de zonas degradadas e/ou nos taludes da estrada para conseguir unha boa revexetación natural.

5.- Evitarase modificar as zonas de escoamento para non influír nos ecosistemas naturais augas abaixo da infraestrutura. Neste senso, deberanse colocar tantos pasos de auga como valgadas teña o terreo, dimensionándose axeitadamente para evitar o efecto presa en épocas de máxima precipitación. Esta medida será empregada como paso pola pequena fauna (anfibios, réptiles e micromamíferos).

6.- As estruturas transversais que funcionen como pasos de fauna, irán revexetadas con especies autóctonas e locais para canalizar a fauna por esa zona e así lograr diminuír o efecto barreira da infraestrutura ou evitar posibles atropelos de fauna.

7.- Preveranse zonas de provisión. Os vertedoiros permanentes e temporais de terras, materiais da obra e as instalacións auxiliares, situaranse en zonas de mínima afección ecolóxica, paisaxística e de pouco interese natural.

8.- Tendo en conta a existencia de ríos e regos no ámbito da actuación (rego da Albardaira, rego da Veiga, río Lor, rego de Bustelo, rego de Pena Ferreira, rego da Fonte, rego de Liñares e río Pequeno), deberán

CVE: N1B2muSdx9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

respectarse os condicionantes da Lei 2/2021, de 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, e o Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación de pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, especialmente no referido á conservación do arborado de ribeira e a alteración da calidade das augas. A este respecto, enuméranse a continuación as principais medidas concretas a cumprir:

- Non se afectará máis vexetación de ribeira que a estritamente necesaria para a execución do proxecto.
- Evitarase o depósito de residuos ou produtos sólidos en zonas onde os escoamentos produzan arrastres aos cursos fluviais, coa conseguinte contaminación de augas continentais.
- Queda prohibida calquera vertedura de material contaminante ás augas do río (cemento, formigóns, alcatrán, pintura, etc). Así mesmo, tomaranse as medidas de seguridade necesarias para evitar derrames accidentais dos depósitos de almacenamento de produtos como aceites, graxas e carburantes de motores.
- Todas as augas que saian das zonas de instalacións das obras, derivaranse e someteranse a un sistema de desbaste e decantación de sólidos. Así mesmo, todas as augas procedentes dos formigonados derivaranse e someteranse a un sistema de desbaste e decantación de sólidos, regulación do pH e eliminación de aceites e graxas, tal e como se recolle no apartado da documentación titulado "4.9.2.3. Protección del sistema hidrológico y de la calidad de las aguas" e disporanse nun compartimento, depósito ou oco estanco para a recollida por xestor autorizado.
- Durante a realización dos traballos non se producirán arrastres nin enturbamentos das augas continentais susceptibles de ser afectadas.
- Prohíbese calquera tipo de vertido que poida afectar á calidade das augas continentais. En consecuencia, as augas susceptibles de ser afectadas cumprirán en todo momento (incluso na época de estiaxe), o preceptuado no artigo 80º sobre calidade mínima esixible ás augas continentais (Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais).

9.- Se durante a execución do proxecto se detecta ou demostra calquera afección significativa sobre os valores naturais da zona, tomaranse inmediatamente as medidas adecuadas para paliar a dita afección e será, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural a través do Servizo de Patrimonio Natural de Lugo, quen decidirá sobre a conveniencia da solución a adoptar, así como as actuacións precisas ou as medidas compensatorias adecuadas para corrixir os efectos producidos.

4.5 . Protección do patrimonio cultural

1.- As obras a desenvolver nas inmediacións dos elementos arqueolóxicos deberán executarse na marxe contraria á situación do ben patrimonial para non afectar ás áreas de protección integral e de cautela dos xacementos arqueolóxicos entre os seguintes puntos quilométricos:

- GA27017013 Castro de Foz PP.QQ. 22+920 e 23+500.
- GA27017017 Castro de Mogoxe PP.QQ. 28+260 e 28+420.
- GA27017019 Mina de Cortas de Ferrería Vella PP.QQ. 30+040 e 30+400.
- GA27017032 Castro de Santo Estevo PP.QQ. 32+720 e 32+900.

2.- Na fase previa ao inicio das obras é conveniente levar a cabo unha revisión dos impactos que o trazado pode xerar sobre o Patrimonio Cultural e unha valoración da idoneidade das medidas protectoras e correctoras establecidas, por se fose necesario a modificación das mesmas ou o establecemento doutras novas.

CVE: N1B2muSdx9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

No caso de detectarse calquera tipo de evidencia de carácter arqueolóxico no transcurso da realización das obras de construción comunicarase á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural co fin de adoptar as medidas oportunas.

3.- É preciso establecer unha medida correctora de carácter xenérico consistente na realización dun control e seguimento arqueolóxico das fases de replánteo, execución de obra e restitución dos terreos, co fin de evitar calquera afección sobre xacementos arqueolóxicos non detectados durante os traballos de prospección ou que polas súas características son imperceptibles a simple vista.

O equipo de control e seguimento arqueolóxico estará presente no transcurso das obras e remocións de terras naqueles ámbitos susceptibles de albergar restos arqueolóxicos.

O director da intervención arqueolóxica deberá remitir periodicamente os informes precisos nos que se recolla o estado das obras de construción e da aplicación das medidas protectoras e correctoras que fosen establecidas.

4.- Todas as actuacións serán realizadas por técnicos arqueólogos de acordo cun proxecto presentado polo promotor da obra, que deberá ser autorizado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Así mesmo, o proxecto ou proxectos de intervención arqueolóxica deben conter un programa detallado e coherente que acredite a conveniencia e o interese científico da actividade e avale a idoneidade técnica do arqueólogo director.

5.- En base aos resultados das actuacións arqueolóxicas en cada fase de obra a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección.

6.- Todos os elementos patrimoniais e os seus contornos de protección deberán figurar nos planos de obra. Sinalizaranse na fase previa ó inicio das obras.

7.- Deberá informarse ao equipo de control e seguimento arqueolóxico de calquera cambio no emprazamento ou características das zonas de préstamo, canteiras, parques de maquinaria, instalacións auxiliares e vertedoiros. No caso de poder afectar ó patrimonio cultural comunicarase a esta dirección xeral.

8.- No que respecta ás vías de acceso a obra ou tránsito de maquinaria, informarase á equipa de control e seguimento daquelas que se van utilizar e no seu caso repoñer, co fin de que se valore o impacto que poden xerar sobre o patrimonio cultural existente no entorno. Informarase a esta dirección xeral deste feito, co fin de establecer as medidas protectoras e/ou correctoras oportunas.

Como medidas de carácter xenérico cando se empreguen camiños existentes para acceso a obra ou tránsito de maquinaria que discorran polas inmediacións de xacementos arqueolóxicos, deberá terse en conta:

- A súa utilización non debería supor un aumento da zona de ocupación, e moito menos na marxe na que se atope o elemento/os.

- Non se deberán levar a cabo remocións, provisións ou depósitos de terra na zona.

- Os xacementos deberán estar grafados na planimetría de obra e permanecer balizados xunto co límite da estrada ou camiño.

- Naqueles casos nos que a distancia sexa escasa con respecto ós xacementos e exista algún tipo de risco de deterioro ou alteración, valorarase a posible supresión do camiño/os para o acceso a obra ou tránsito de maquinaria.

CVE: N1B2muSdx9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4.6 . Integración paisaxística e restauración

1.- Revexetar as superficies dos novos noiros, no prazo máis curto posible, mediante especies autóctonas semellantes ás que existen na zona.

2.- Limitar a presenza de muros aos puntos nos que así o esixa a estabilidade do noiro. En todo caso, para o seu revestimento empregaranse técnicas de cachotería o máis semellantes posible ás tradicionais (pedra da zona, xunta aberta) que favorezan a implantación de especies vexetais de pequeno porte, capaces de volver a naturalizar os bordos da estrada. Deben evitarse os perfís rectilíneos dos muros, procurando, no seu lugar, axustalos á topografía natural.

3.- Minimizar o emprego de mallas de contención para desprendementos, e alí onde resulten imprescindibles, evitar acabados brillantes.

4.- Empregar un deseño especial para os elementos de protección, adecuado á contorna natural.

4.7 . Protección ante accidentes graves ou catástrofes

1.- Teranse en conta as normas ou recomendacións que o Concello de Folgoso do Courel, ou o órgano competente, teña establecidos ou poida ditar en materia de riscos, de acordo coa Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil e a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

4.8 . Programa de vixilancia e seguimento ambiental

4.8.1 . Aspectos xerais

O obxecto deste programa é o de garantir ao longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras e correctoras que figuran na documentación avaliada e no condicionado deste IIA, así como incorporar procedementos de autocontrol por parte do promotor. O programa debe permitir detectar, cuantificar e corrixir alteracións que non se teñan previsto, e levar a cabo novas medidas acordes coas novas problemáticas xurdidas.

Para tal fin, e tomando como base o seguimento proposto na documentación avaliada, deberánselle incorporar os controis e estudos necesarios para adaptalo aos condicionantes que se derivan deste IIA. Na redacción do programa fixaranse segundo a fase (replanteo, obras, explotación ou abandono) a periodicidade, indicadores e limiares ou valores límite que se vaian empregar en cada caso.

Será responsabilidade do órgano substantivo que o programa que finalmente se desenvolva neste sentido permita acadar os fins indicados. Así mesmo, teranse en conta as seguintes consideracións:

- O seguimento deberá ser efectuado por persoal cualificado para identificar os elementos protexidos da biocenose e para valorar a idoneidade das medidas adoptadas e os impactos que as actuacións do proxecto poden inducir sobre o medio. Terá a capacidade técnica suficiente de conformidade coas normas sobre cualificacións profesionais e da educación superior.

- Co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento deste IIA, o promotor deberá designar unha persoa responsable do seu control, notificando o nomeamento ao órgano substantivo.

- No caso de que se detecten, como resultado deste seguimento en calquera das súas fases, impactos imprevistos ou alteracións que superen os limiares establecidos na lexislación aplicable ou neste IIA, comunicaráselle inmediatamente ao órgano substantivo, propoñendo as medidas correctoras precisas

CVE: N1B2muSdx9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

para corrixilos. Se se pon de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, o órgano substantivo poñerá este feito en coñecemento da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

4.8.2 . Informes do programa de vixilancia

O promotor deberá presentar os informes do programa de vixilancia e seguimento ambiental ante o órgano substantivo, a quen lle corresponde efectuar o seguimento e vixilancia do cumprimento do IIA de acordo co establecido na normativa de avaliación ambiental.

Estes informes estarán asinados polo persoal técnico responsable da súa elaboración, coa supervisión, aprobación e sinatura da persoa responsable designada para o control do cumprimento do IIA.

CVE: N1B2muSdx9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

5 . Proposta

Logo da avaliación de impacto ambiental simplificada realizada proponse formular o informe de impacto ambiental nos termos recollidos ao longo deste documento, en cumprimento do disposto no artigo 47 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Manuel Díaz Cano
Xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos
(asinado electronicamente)

RESOLVE:

Formular o informe de impacto ambiental do proxecto de mellora da estrada LU-651 - Treito: Folgoso (PQ. 21+600) - Seoane (PQ. 35+670), no concello de Folgoso do Courel (Lugo), promovido por Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), concluíndo que non son previsibles efectos significativos sobre o medio ambiente e, polo tanto, non se considera necesario someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Esta resolución non exime ao promotor de obter cantas autorizacións, licenzas, permisos ou informes sexan necesarios para a execución do proxecto.

Este informe farase público a través do Diario Oficial de Galicia e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e remitirase ao órgano substantivo.

De acordo co artigo 47.5 da referida lei, contra este informe de impacto ambiental non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que, no seu caso, procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de autorización do proxecto.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
(asinado electronicamente)

Asinado por: PEREZ CASTELLANOS, SAGRARIO
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 23/06/2021 14:42:15

Asinado por: DIAZ CANO, MANUEL
Cargo: Xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos
Data e hora: 22/06/2021 11:31:43

CVE: N1B2muSdx9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve